



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS PROVISIONAIS DE PERSOAS APTAS E NON APTAS PARA AS PROBAS DO CELGA 2

Nº expediente: PL500C

De acordo co previsto no artigo undécimo da Resolución de 2 de setembro de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis 2 e 4, no ano 2019 (DOG núm. 171 do 10 de setembro de 2019),

RESOLVO:

Publicar na web **www.lingua.gal** os resultados provisionais das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 2 (Celga 2).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 12.2 da devandita Resolución, as persoas interesadas, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou á conta de correo electrónico sxpl.probascelga@xunta.gal, poderán solicitar, no prazo de 10 días, a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución que corresponda e comunicarlles ás persoas interesadas os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Os resultados definitivos das probas publicaranse na web **www.lingua.gal**, no prazo máximo de catro meses desde a súa realización.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

